



Ref.: CONVOCATORIA REUNIÓN EQUIPOS DE 2ª/3ª GALICIA (OURENSE) - VIDEOCONFERENCIA

Coa declaración do estado de alarma notificado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, precedida pola declaración da situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo promulgada pola Xunta de Galicia, **procedeuse ao peche das instalacións deportivas e a suspensión da totalidade da actividade deportiva.**

Estas medidas supuxeron a **suspensión de todas as competicións federadas da Real Federación Galega de Fútbol**, restando por disputarse o tramo final da competición de liga e as súas correspondentes fases de ascenso, así como as eliminatorias de copa. As distintas prórrogas do estado de alarma provocaron unha maior incertidume si cabe sobre a situación competicional da RFGF.

A Xunta Directiva da RFGF, coa intención de informar e coñecer as inquietudes dos clubs convoca aos clubs participantes na **SEGUNDA E TERCEIRA GALICIA (GRUPOS DE OURENSE)** a unha reunión que terá lugar **ás 19:00 horas do XOVES 23 DE ABRIL**, coa seguinte orde do día:

1. INFORME DO PRESIDENTE
2. SITUACIÓN ACTUAL DAS DISTINTAS COMPETICIÓNS FEDERADAS, TANTO DE CATEGORÍA NACIONAL COMO DA RFGF, DADA A INÉDITA SITUACIÓN MOTIVADA POLO COVID-19.
3. SITUACIÓN DOS ADESTRADORES E XOGADORES.
4. SUXERENCIAS E PROPOSTAS DOS PRESIDENTES/REPRESENTANTES DOS CLUBS DADA A EXCEPCIONALIDADE DA SITUACIÓN ACTUAL MOTIVADA POLO COVID-19.
5. ROGOS E PREGUNTAS

Debido á limitación da liberdade de circulación das persoas imposta coa declaración do estado de alarma, esta reunión vaise celebrar en formato **VIDEOCONFERENCIA**. Por razóns loxísticas solicitamos que na medida do posible só participe un representante por club. O programa e o modo de conexión explícase no documento adxunto.

A Coruña, a 21 de abril de 2020
Pola REAL FEDERACION GALEGA DE FÚTBOL

Secretario Xeral
Diego Batalla Bautista

